

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CPI ORZA COUTO

CURSO:2º E.P.

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándres de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso, ampliación).**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Matemáticas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identifica os números • Recoñece as cantidades dependendo da posición • Calcula operacións básicas • Diferencia entre hora, minuto e segundos • Interpreta os prezos dos produtos • Distingue entre maior e menor • Coñece a orde numeral • Sabe interpretar basicamente as medidas de peso, lonxitude e capacidade • Distingue entre números pares e impares • Recoñece e distingue líneas curvas, rectas e poligonales. • Introducción á multiplicación • Resolve problemas axeitados ó seu nivel 	<p>Matemáticas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Números ata 900. • Diferenciar entre unidades, decenas e centenas. • Suma e resta con levadas. • Días da semana e meses do ano. • Hora: hora, minutos e segundos. • Hora: en punto, e media. • Euro • Comparación de números: maior e menor. • Descomposición de números. • Números ordinales ata 20. • Medidas de lonxitude: Km, metro. • Masa : kilo, medio kilo, cuarto kilo • Números pares e impares. • Medidas de capacidade: litro, medio litro, cuarto de litro. • Introducción á multiplicación. • Tabla ata o 4. • Doble e triple. • Líneas curva, recta, poligonal.
<p>Lingua / Lengua</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identifica as ideas principais dun texto sinxelo. • Escribe oracións correctamente • Busca e localiza información dun texto sinxelo. 	<p>Lingua / Lengua</p> <ul style="list-style-type: none"> • Abecedario • Letra, sílaba, palabra. • Comprensión do sentido xeral dun texto. • Lectura e escritura de palabras e oracións. • Adquisición e ampliación de vocabulario.

- Distingue os signos de puntuación.
- Recoñece nun texto, letras, palabras e sílabas.
- Separa as sílabas que conforman cada palabra.
- Emprega as maiúsculas correctamente
- Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- Utiliza as normas ortográficas básicas.
- Emprega os signos de puntuación.
- Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.

- Sinónimos e antónimos.
- Regras ortográficas mp – mb.
- Uso de maiúsculas.
- Za, ce, ci, zo, zu.
- Ca , que, qui, co, cu.
- Discriminación de grupos consonánticos.
- Familia de palabras.
- Palabras derivadas.
- Palabras compostas.
- Número: singular,plural.
- Interrogación e exclamación
- Diminutivo e aumentativo.

Ciencias naturais

- Recoñece as partes do corpo e localízalas
- Diferencia entre óso e músculo
- Recoñece os órganos principais do aparato respiratorio
- Sabe diferenciar os distintos tipos de alimentos.
- Clasifica animais segundo as súas características
- Recoñece as características básicas das plantas

Ciencias naturais

- Partes do corpo.
- Ósos e articulacións.
- Músculos.
- Sistema respiratorio: función e órganos principais.
- Alimentos e características.
- Elaboración dunha dieta sá.
- Seres vivos: vertebrados e invertebrados.
- Ovíparos e vivíparos.
- Plantas: tipos e partes.

2. Avaliación e cualificación

2. 1. Procedementos: Seguindo a orde do 23 de novembro de 2007, que regula a avaliación na E.P. na Comunidade Autónoma de Galicia, a cal debe ser continua, global, formativa e integradora, terá en conta o proceso so/a alumno/a no conxunto de tódalas áreas do currículo. Enténdese por avaliación aquela “actividade sistemática e continuada, integrada dentro do proceso educativo, que ten por obxecto proporcionar o máximo de información para mellorar este proceso, reaxustando obxectivos, revisando plans e programas, métodos e recursos, facilitando a máxima axuda e orientación ao alumnado”. Esta información, como sinala a L.O.E., será referida ao alumnado, ao propio docente e ao proceso de E-A cuestionándose aspectos da programación que puidesen malograrse.

2.2.Instrumentos: Probas escritas e orais,observación, exposicións orais, actividades de aula, rexistros no caderno do mestre.

2.3. Cualificación final: dado que é avaliación continua, será a nota da 2ª avaliación , agás nos casos en que haxa que recuperar toda ou parte da materia. En calquera caso, as tarefas feitas no 3º trimestre contarán en positivo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación e atención á diversidade).

A práctica metodolóxica aplicable a este trimestre debe salientar as aprendizaxes básicas e imprescindibles, dotar aos contidos dun enfoque integrador e globalizado, centrarse na funcionalidade orientando as aprendizaxes, procurando que o alumno aprenda a aprender, favorecer o seu traballo e a práctica vivenciada e fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información, buscando a súa autonomía.

As estratexias metodolóxicas que se seguirán son : continuar coñecementos previos do/a alumno/a, aprendizaxe significativa, aprender a aprender e traballo individual. A aprendizaxe é un proceso interactivo cuxas características son o desenvolvemento en espiral e a globalización, metodoloxía activa e integradora, construción de aprendizaxes significativas, modelos E-A que atendan á diversidade, a autorregulación, a participación activa e dinámica, a reorganización dos coñecementos por parte do alumnado e a súa funcionalidade.

Atendendo a este 3º trimestre, esta programación segue unha metodoloxía flexible, individualizadora, lúdica, activa e integradora.

As actividades levadas a cabo son:

- actividades de motivación
- actividades de consolidación
- actividades de reforzo e ampliación

Estes aspectos son comúns a tódalas áreas que recolle esta programación, destacando outros específicos que se recollen na seguinte táboa.

Áreas	Metodoloxía específica
Lingua e Literatura	Continuar na linguaxe oral e escrita de xeito funcional. Seguir na linguaxe oral e escrita para expoñer diferente temática. Traballo incansable de lectoescritura, favorecendo unha achega con gusto e interese.
Matemáticas	Traballar o razonamento lóxico a través de problemas. Para eso é necesario o entramento individual con algoritmos, operación, cálculo metal, linguaxe matemático
Ciencias Naturais	Continuar coas técnicas propias e habituais da actividade científica como observación, identificación, experimentación, busca de solucións ... polo que é necesario o uso de ferramentas que o posibiliten.

Empregaranse medidas de reforzo e ampliación e atención á diversidade segundo sexan demandadas polo alumnado.

4. Información e publicidade.

Esta información está dispoñible para as familias e será publicitada na web do centro.

CIENCIAS SOCIAIS

Neste novo modelo de Programación non se teñen en conta os Estandares de aprendizaxe e Competencias do terceiro trimestre.

PROFESORA: Beatriz Gippini Jourdan

ÍNDICE:

1-CRITERIOS METODOLÓXICOS E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

2-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

3-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

1- CRITERIOS METODOLÓXICOS E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

1-1 METODOLOXÍA.

As orientacións metodolóxicas que guiarán os procesos de ensino aprendizaxe desta área, formarán parte de propostas pedagóxicas que consideren a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, empregará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e, sobre todo, que sexan motivadoras, integradoras e claras, para a súa realización na casa.

1-2 ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Están colgadas na páxina web do centro.

-Son actividades motivadoras , con links a vídeos, adecuados a súa idade.

-Están explicadas, para que ca breve explicación que lean, poidan facela sen necesitar moita axuda da familia.

-E serán enviadas a través do mail, para a súa corrección.

2- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Bloque 1. CONTIDOS COMÚNS.

1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenada, clara e limpa.
2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados e lóxicamente a súa idade.

Bloque 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS.

1. Explica as propiedades da auga e os seus diferentes estados e realiza experiencias sinxelas.
2. Identifica lugares onde hai auga, coñece os seus usos e a importancia que ten para os seres vivos.
5. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.
6. Explica onde encontramos auga doce e salgada na natureza.
7. Identifica e describe oralmente e de xeito sinxelo as alteracións e os desequilibrios que os seres humanos producimos no medio natural.
8. Realiza actividades individuais e colectivas fronte a determinados problemas ambientais; reducindo, reutilizando e reciclando obxectos e substancias. Basicamente si recicla.

Bloque 3. VIVIR EN SOCIEDADE.

1. Explica que é unha localidade, mostrando interese polo coñecemento da súa.
2. Identifica e describe os costumes, forma de vida e organización social da súa localidade.
3. Manifesta, en diferentes situacións, a súa satisfacción pola súa pertenza a un grupo (a unha clase, ao colexio, a un equipo deportivo, etc.).
4. Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais.
5. Identifica as responsabilidades e algunhas tarefas das institucións locais.
6. Identifica algúns tipos de edificios urbanos e coñece as súas funcións.
7. Relaciona concello con goberno da localidade, sabe quen o forman, como son elixidos para o cargo e que servizos da localidade organizan.
8. Identifica, coñece e interpreta os sinais de tráfico máis comúns e valora as normas de seguridade viaria.
9. Explica o significado dalgúns sinais de tráfico e recoñece a importancia de respectalas.
10. Desenvolve hábitos de limpeza e coidado da vía pública.
11. Describe os traballos das persoas do seu contorno identificando as profesións máis comúns.
12. Diferenza entre traballos na natureza, nas fábricas e os que dan servizos.
13. Explica en que consiste o traballo dalgúns persoas e recoñece os útiles de traballo de certas profesións.

14. Enumera distintos medios de comunicación interpersoais e de masas.
15. Desenvolve unha actitude crítica ante os anuncios publicitarios da televisión e o control do tempo dedicado a ela.

3- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Bloque 1. CONTIDOS COMÚNS.

1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
2. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.

Bloque 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS.

1. Recoñecer a auga como elemento natural, as súas características, propiedades e procesos, e a súa relación co resto dos seres vivos, analizando os usos que o ser humano fai desta.
2. Explicar, de xeito sinxelo, os elementos que forman o medio natural, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios nel e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deste.
3. Explicar as consecuencias da acción humana sobre a paisaxe natural, identificando as semellanzas e diferenzas entre paisaxe natural e urbana

Bloque 3. VIVIR EN SOCIEDADE.

1. Comprender a organización social do seu contorno próximo (barrio, localidade, municipio...).
2. Coñecer de xeito sinxelo, as funcións de diversos organismos e a importancia da participación cidadá.
3. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que ha de recoñecer un peón valorando a importancia da mobilidade na vida cotiá.
4. Describir os traballos das persoas do seu ámbito e identificar as profesións máis frecuentes relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
5. Recoñecer as características dos medios de comunicación de masas, identificando o papel dos medios na vida cotiá.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN:

- En cada avaliación (Primería e segunda).

Ferramentas de avaliación do traballo competencial.

Probas de avaliación escritas.

Evidencias dos estándares de aprendizaxe.

Observación do traballo de aula, recollido nun rexistro.

A actitude na clase cara a asignatura.

A participación e o respecto respetando os turnos.

A Cualificación total sería a media de tódolos apartados.

- A final de curso (Terceira avaliación).

A calificación do terceiro trimestre será a nota da segunda avaliación, podendo incrementarse este resultado nun dez por cen como máximo, e tendo en conta, todo o traballo do curso e non soamente as actividades da terceira avaliación.